

D E P U T A C I Ó N P R O V I N C I A L

A C O R U Ñ A

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 17 de FEBREIRO DE 2003**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA EXTRAORDINARIA que se celebrará o vindeiro luns, día 17 de febreiro de 2003, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Economía, Facenda e Especial de Contas

1.Modificación da Ordenanza Fiscal nº 6.- Reguladora do recargo provincial do Imposto sobre Actividades Económicas.

Persoal, Réxime Interior e Informática Provincial

2.-Modificación do convenio colectivo do persoal laboral.

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 17 DE FEBREIRO DE 2003.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 17 de febreiro de 2003, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión extraordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERIAS REY	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ LUIS PICO ESPIÑEIRA	PP
DON JOSÉ CARLOS PITA LÓPEZ	PSOE
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP

DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE
DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Escúsase o Sr. Fernández Moreda e non asiste o Sr. Varela Rey.

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario procede a ler a Resolución núm. 1448, do 13 de febreiro de 2003, pola que se convoca sesión extraordinaria, con indicación dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.-MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 6.- REGULADORA DO RECARGO PROVINCIAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

INTERVENCIONES

Sr. Rodríguez Doval

No decurso da comisión que celebramos a semana pasada, apuntáronse algúns aspectos respecto deste debate, interesantes, que eu tampouco vou reproducir literalmente aquí, pero en calquera caso, e dado que estamos falando da modificación, referente a unha ordenanza que foi obxecto de debate no seo desta corporación, parece de senso común que, canto menos, quede reflectida tamén neste debate plenario a nosa posición.

Eu, se as compañeiras e compañeiros da Corporación revisan as actas dos últimos catro anos, cando se fixo o debate orzamentario, encontrarán un fío conductor en tódolos debates respecto dunha discusión sobre o tema da recarga provincial do imposto de actividades económicas sobre o propio feito impositivo, a ordenanza de actividades económicas, e fundamentalmente un debate, como dicía antes, que pintaba en torno a un compromiso adquirido por parte do Goberno do Estado, que era literalmente a supresión desta figura impositiva e, por engadido, a busca dun sistema compensatorio para tódolos concellos afectados pola supresión do IAE.

No que respecta ó primeiro tema, que é o tema de fondo, eu quería dicir aquí que, revisando unha das actas, en concreto a do debate dos orzamentos do ano 2001, a acta do 29 de novembro de 2000, hai unhas palabras do voceiro para asuntos de Facenda, o presidente da comisión o Sr. Erias, que dalgunha forma xa avanza ese compromiso de supresión do imposto de actividades económicas. Nosoutros pensabamos que, primeiro que a supresión, ou a supresión, mellor dito, do imposto de actividades económicas, faríase dunha maneira a fondo, e que por suposto artellaríase por parte do Estado un sistema compensatorio nese espazo de tempo que cerrara a incerteza do que podía pasar despois da supresión desa figura e, naturalmente, que dera suficiencia financeira ós concellos para enfrentarse a esa nova situación. Ben, o certo é que, xa o debatíamos o outro día na propia comisión, a supresión de actividades económicas non foi tal, foi unha supresión, digamos de carácter limitado, e o máis importante que é que para os concellos de menos de 100.000 habitantes, que no caso galego somos a maioría, non está aínda neste intre clarificada cal vai ser a alternativa real para enfrentarse á supresión ou para os efectos que teña esta supresión. É ben certo que o decreto publicado polo goberno do Estado faculta á maioría dos concellos para buscar alternativas na carga fiscal doutro tipo de figuras impositivas, pero iso non é en principio o que se predicaba, e remítome á acta que antes fixen referencia, non é o que se predicaba en todo caso, nin polo goberno, nin tampouco nos debates que tivemos aquí nesta deputación. Pero en calquera caso parellamente ó tema de fondo que é, naturalmente, ou sería a supresión desta figura impositiva e a negociación dunha alternativa que, como acabo de dicir, non está precisada aínda no día de hoxe, e disto discutimos suficientemente o outro día no seo da comisión, e eu creo que se concretou que segue existindo unha gran inseguridade de qué é o que vai pasar, e de que esa inseguridade mesmo pode que nos encontremos con ela ata o fin de exercicio de 2003, hai, digamos, unha vía paralela que é un pouco o que nosoutros queríamos comentar hoxe aquí, que é o que se refire á recarga provincial.

(Entra a Sra. Vázquez Veras).

Nosoutros, naturalmente, sempre viñamos defendendo que, mentres que non desaparecera o IAE, fórase nunha liña dunha redución progresiva dunha recarga que nosoutros entendíamos que, se xa era dalgunha forma bastante pouco presentable o propio imposto, o que se mantivera unha recarga no seu momento por parte das deputacións a ese imposto, era moito menos presentable, pero dicíamos que mentres que se tivera que manter, en calquera caso que se tendera a unha redución progresiva, estabamos no seu momento nunha porcentaxe, variouse, agora estabamos nunha porcentaxe do 25% pero nosoutros sempre estivesemos defendendo que mesmo se tendera á redución progresiva, porque parece que o panorama que se presentaba ía ser que ó final, ó non haber IAE, non habería tampouco recarga sobre un imposto que desaparece.

O certo é que estamos dicindo todo isto porque hoxe o que vén aquí, digamos que é un acto formal, que é unha adaptación en función dese cambio que se produciu pola promulgación do decreto do Goberno do Estado, pero paralelamente a ese cambio formal, a ese cambio, se se quere, máis de carácter técnico, pasamos por alto, ou pasamos con pés de lá, eu diría que pasamos por alto totalmente, porque nin sequera se deu o debate con pés de lá, do debate de fondo. Nos orzamentos desta Corporación figura unha partida importantísima, que ten moito peso no Capítulo de ingresos, que se denomina “Recarga provincial sobre o imposto de actividades económicas”. O manter esa partida tal e como estaba, tendo en conta a modificación que se deu no propio imposto de actividades económicas, xa introduce moitas dúbidas de en función de qué figura o diñeiro que figura e non figura outro, e polo tanto, dicía antes que sería bo que paralelamente que damos este debate, naturalmente puideramos saber cara a onde camiñamos no que vai ser, onde está a estimación ou a consideración económica do que pode supor esa recarga provincial sobre un imposto que está, canto menos parcialmente, variado no seu trasfondo. E non demos tampouco ese debate, co cal nosoutros pensamos que a resolución de hoxe ó acordo que se pretende hoxe tomar, efectivamente, adapta legalmente, *chapeau*, é dicir, aí non hai nada que dicir, pero é certo que obvia un debate moito máis de fondo respecto dun tema que, en calquera caso, paralelamente, debérase de estar dando.

E, teño que dicilo todo, por parte do presidente o outro día acolleuse ó compromiso de abrir un debate no seo da comisión co resto dos grupos seguramente para que poidamos avanzar algo no que hoxe parece que non está nada claro. Nosoutros, naturalmente, agradecemos que se tenda esa ponte de consenso e esa ponte de debate no seo da comisión, cousa que por outra parte é o máis normal, para iso están as comisións informativas, e para iso estamos os grupos políticos, que aínda que non formemos parte do goberno, formamos parte do debate. Pero en calquera caso a nosoutros gustaríanos, xa digo, e concreto a nosa posición, que vai ser de abstención, que a este debate máis de carácter técnico, ou de carácter de adaptación administrativa ó decreto que se promulgou, dérase tamén un debate moito máis a fondo, porque o noso posicionamento segue sendo o mesmo, nosoutros pensamos que non debiera de existir a recarga provincial sobre o imposto de actividades económicas, pero agora tamén, naturalmente, formulamos unha gran interrogante de cómo se contempla esa alternativa sobre un imposto que está variado e que, naturalmente, había unha previsión de ingreso que a estas alturas non vai ser a mesma seguramente que había nun principio. Nese senso reitero a nosa posición de abstención respecto ó acordo específico que se vai tomar hoxe aquí, e tamén a nosa demanda de que se abra canto antes ese debate co resto dos grupos para falar tamén de moitas máis cousas, en concreto unha delas que nosoutros propuxeramos dunha forma moi explícita, que era a necesidade de mellora, ampliación humana e técnica do que eran as oficinas de recadación que están situadas nas diversas comarcas, que ía tamén un pouco na liña da alternativa de fondo que nosoutros mantiveramos cando se renegociaron os convenios, que era outra fórmula que tendía máis á comarcalización, que esta fórmula un pouco híbrida que temos

aquí, pero en calquera caso se a fórmula que temos, adaptada libremente, ou acordada libremente entre a deputación e os concellos, presentaba no seu momento un compromiso de mellora das oficinas de carácter comarcal, nosoutros pensamos que iso non se debe de demorar máis porque, a fin de contas vai redundar no transfondo que tiña a proposta que nosoutros faciamos que era un maior achegamento dos servicios ó conxunto da cidadanía, tanto fisicamente como materialmente. Moitas gracias.

Sr. Lagares Pérez

O grupo provincial socialista xa manifestou na Comisión Informativa correspondente o significado do seu voto, que vai ser en senso favorable, vai ser en senso favorable dado que no seu mometno a recarga provincial do imposto de actividades económicas foi reducido do 40% ó 30% cando tiñamos nosoutros vontade de goberno, confianza de goberno por parte dos cidadáns, e a continuación insistimos permanentemente nunha progresiva redución del que foi aceptado nalgún momento, situándose no 25%.

Quere dicir isto que o feito que imos votar aquí é unha adaptación da Lei 51/2002 do 27 de decembro, onde se fai unha ampla reforma, da Lei de facendas locais, digamos que é unha reforma en profundidade dunha lei importantísima para os concellos. Pero á parte dese voto favorable, e como xa expuxemos na comisión, o grupo socialista quere facer catro reflexións. Estas reflexións teñen que ver con algo que se dixo a través do goberno central, e con algo que, como expuxen na comisión, non se está producindo, e isto, é evidente, non é imputable ó grupo popular que sustenta a maioría nesta corporación, pero si o grupo popular é o que desde Madrid retirou o imposto de actividades económicas para aquelas empresas, e persoas físicas ou xurídicas, que non facturen máis dun millón de euros.

¿Como se vai compensar?, agora vén a segunda parte, ¿como, cando se vai compensar?, e claro, aquí veñen dúas reflexións distintas. Desde o punto de vista municipal os concellos neste momento estamos sen percibir nada do IAE. Nosoutros esperamos, como así se dixo e se asinou a través da Femp o 21 de novembro do ano 2002, que ese convenio que se asinou, FEMP e o Ministerio de Administracións Públicas, que se lle dean os contidos económicos, porque indubidablemente a deputación está prestando o servicio de recadación ós concellos, e na primeira entrega a conta vemos no epígrafe IAE, 0 pesetas.

Eu sei que se me vai responder iso, claro, ata que teñamos os datos de facturación, e que non é imputable a esta deputación, que non se pode realizar esta entrega a conta, pero ¿cando vai ser?, ¿como se vai desenvolver? Sabemos perfectamente que se dixo que nos municipios de entidades de poboación superiores a 50.000 habitantes, que se falou do IVE, que se falou do IRPF, e de impostos especiais, pero non temos claro, nin está concretado cal vai ser a referencia.

E, por outro lado, se os municipios estamos sen recibir, tamén se acaba de aprobar un orzamento preventivo desta institución e ese orzamento preventivo marca unha recarga provincial do 25% do IAE e unha contía orzamentaria concreta.

Polo tanto o grupo socialista, aínda que vota a favor na ordenanza, quere deixar claro estes conceptos: primeiro, que os concellos necesitamos urxentemente recibir a transferencia compensatoria pola supresión do IAE naquelas entidades, persoais ou xurídicas, superiores en facturación a un millón de euros, e en segundo lugar que, igualmente, esta deputación pónase a aplicar esa recarga provincial do 25%. Ninguén dubida de que iso se vaia producir, nosoutros simplemente pedimos axilidade e que os que teñen que traballar, que fagan a facturación, que fagan os padróns, que se poñan a traballar. Máis nada de momento e moitas grazas.

Sr. Erias Rey

O punto que sometemos a aprobación é a modificación da Ordenanza fiscal núm. 6 reguladora da recarga provincial do imposto de actividades económicas. Tal e como se somete para aprobar este punto, non é outra cousa que unha adaptación literaria ó que a Lei de reforma das facendas locais, a lei 51/2002, prevé para esta figura impositiva, polo tanto, cremos que desde a Deputación Provincial o único que estamos facendo é cumprindo coa nosa obriga legal de adoptar, antes do 1 de abril, as ordenanzas fiscais ó establecido por esta lei.

Dito isto, loxicamente no debate da aprobación deste punto e na comisión previa que tivemos, establecéronse formulacións por parte dos grupos que, practicamente se volveron a reiterar hoxe aquí. O grupo de goberno deu razóns polas que se actúa desta maneira, pero en todo caso, por se non quedara claro, voules a, se é posible, se dispoño do tempo suficiente, a dar unha cumprida conta do porqué, como actuamos, e home, sen meter no escenario ó Partido Popular e ós seus compromisos cos cidadáns de España de supresión dunha figura tan pouco estimada por todos, pola doutrina e tamén polos cidadáns, o porqué da súa supresión e cáles son estes resultados, porque creo que, levados de boa vontade, pero probablemente sen desenvolver, diríamos, a reflexión adecuada, ás veces dá impresión de que o que a todas luces é un ben, pode converterse nun mal, e eu iso si que de verdade que non o comparto, e de verdade que desde a miña responsabilidade tamén quero explicalo o mellor que poida.

En primeiro lugar, referente ó que o voceiro do Bloque Nacionalista Galego o Sr. Rodríguez Doval nos dixo. O Sr. Rodríguez Doval permanentemente nos fala da conveniencia, da pertinencia de establecer debates, home, eu creo que nunca desde esta comisión que presido e desde esta responsabilidade que teño de facenda, substraese ningún debate. O debate, para que se produza, é necesario que as partes poñan encima da mesa de

cáles son os argumentos sobre os cáles hai que confrontar posicións, se é que é necesario confrontalas, ou no seu caso, ratificar, e por iso alégrome de que o Sr. Lagares nos diga os beneficios da Lei de reforma das facendas locais, iso díxoo vostede nun momento, alégrome que o diga porque eu compártoo, se non o compartera teríamos que debater os problemas que xera. Se quere vostede debate, Sr. Rodríguez Doval, creo que confrontamos sempre os nosos puntos de vista, e os puntos de vista que o grupo de goberno nesta deputación ten respecto a cómo desenvolver a fiscalidade e as competencias que lle son propias a cada institución, tamén as puxemos encima da mesa, pero por se non quedaran claras, imos repasar algunha delas.

En primeiro lugar, desde a toma de posesión desta Corporación, no ano 99, o grupo popular fomentou a redución da recarga do IAE, e deliberadamente reduciuno prudentemente, aplicándolle un precepto que debe de ser moi tido en conta na xestión das finanzas públicas, polos que teñen a responsabilidade, prudentemente, reduciuse a recarga; pero é máis, o ano pasado, e se tiran vostedes de actas tamén o poden comprobar, tamén se dixo que non se reducía máis sobre a base de cómo se descoñecía en que medida se ía compensar ese ingreso, podía ser que actuando irresponsablemente e non tendo en conta a desaparición desa figura, que puideramos prexudicar ós que, entre comiñas, son os que reciben parte, porque a deputación se algunha cousa fai tamén cando xestiona esta recarga é atender a cumprir cos compromisos que ten que apoiar para que os concellos poidan prestar máis adecuadamente os seus servizos.

Entón, neste senso, repito, hai un punto de vista, o desta corporación, que era a redución progresiva da recarga, e hai un punto de vista do goberno central que era a supresión desta figura impositiva. Esta figura impositiva hai que dicir que, os que valoren positivamente, ou os que teñan puntos de vista contrarios, o que si é certo é que a súa supresión introduce, en primeiro lugar, maior potencial normativo ós concellos para fomentar compromiso coas enerxías renovables, coa sostibilidade, dando bonificacións ás empresas que facturando máis dun millóns de euros queden suxeitas a este feito impositivo, e en segundo lugar, tamén desde o punto de vista social, para que sexa posible para as persoas compatibilizar a vida laboral coa vida familiar, por exemplo, o establecemento de garderías pode bonificarse ata o 50% no seu caso. E ademais, nalgunhas cuestións, dáse posibilidade de actuar gradualmente, segundo as necesidades orzamentarias que teña cada concello, en que o tipo que vaian aplicar sexa tal ou cal, e teña tal ou cal incentivo. Entón, nese senso, quero dicir que a supresión do IAE xera un novo escenario orzamentario para os concellos, que non é outro ca unha maior oportunidade para desenvolver normativamente que é o que queren para os seus veciños, porque non podemos perder de vista que os impostos os soporta a cidadanía. Hai un goberno que defende que a redución de impostos e aplicación, é algo bo para os cidadáns, os cidadáns estímalo, e hai outros que poden pensar o contrario, que mesmo é necesario máis fiscalidade, que mesmo é necesario establecer outros criterios. Eu, francamente, non comparto estas posicións que enunciei en segundo lugar, e

nembargantes si defendo que ninguén, ninguén, desexamos que aumenten os impostos. Por iso había unha circunstancia que había que lle dar unha solución, e ¿cál é a solución aceptada?, vostede díxoo, Sr. Lagares, a reunión do 21 de novembro, da Federación Española de Municipios e Provincias co Ministerio de Administracións Públicas e o Ministerio de Facenda posibilita o que para concellos que teñan unha determinada poboación se compense e, asemade, se lle dea a posibilidade normativa de actuar sobre treitos de determinadas figuras que antes eran estables, figuras impositivas, e para os outros, que son os que nos preocupan nesta casa, porque tamén temos que ter presente que desenvolvemos un apoio nos servicios de xestión, inspección e recadación de tributos para aqueles que posiblemente, tiveran máis dificultades para facelo, ou para aqueles que vendo e tendo posibilidades de facelo, prefiren delegar esta competencia na deputación, pois nosoutros basicamente por eses 82 concellos imos explicar que é o que sucede.

O que sucede é que ese acordo garante que van dispor dos mesmos recursos que tiñan no exercicio anterior, e é máis, ¿cando os van cobrar, Sr. Lagares?, vanos cobrar no derradeiro trimestre do ano. ¿A que se compromete a Deputación Provincial, e que é ó que este deputado ofreceu o diálogo?, a reunirme cos grupos e a ver a viabilidade técnica e xurídica de que a deputación, en tanto en canto presta servicios de xestión, recadación e inspección de tributos a 82 municipios da provincia, poden anticipar, do mesmo modo, e isto sábeno vostedes ben, que a lei permitíao ata o 75%, e estamos levando, facendo un esforzo, gracias á tesourería e á xestión que desde esta casa se desenvolve eficientemente, a facer o mesmo para o imposto de actividades económicas, para aqueles que teñan que percibirlo, porque non todos van percibir. E se fora posible, se fora posible este convenio co Ministerio de Facenda, tamén coñecidas as cantidades que a cadaquén lle corresponderían de compensación, fraccionalas mensualmente e que dispuxeran deses ingresos que agora non ven reflectidos nesa relación que lle enviamos a cada concello, e que é verdade o que di o Sr. Lagares que, en concepto de IAE aparece 0, e aparece 0 por dúas razóns. Primeiro, porque quen vai anticipar iso é o Ministerio de Facenda, ou o Ministerio de Administracións Públicas, e ó final, no último trimestre deste ano, pero si podemos, non teña dúbida ningunha e iso é ó que nos comprometemos, a establecer, primeiro información, e despois ver o que se pode facer tecnicamente e o que tecnicamente sexa factible e legalmente oportuno, e oportuno politicamente e legalmente factible, levar a cabo. ¿A que nos comprometemos?, a que se ese convenio, Ministerio de Administracións Públicas, ou se é o caso, Ministerio de Facenda-Deputación Provincial, permite que se faga a cobranza no último trimestre por parte da deputación, os concellos a partir do mes de abril, empezarán a recibir o anticipo que tería que cobrar a fins de ano, e que é o que acordaron, outra cousa é que vostede o reclame aquí, vostede pódeo reclamar, pero o acordado polos concellos de España a través da federación que o representa, é que isto se vai facer tal e como se acordou, non doutra forma, entón non perdamos de vista que todos estamos no dereito de reclamar o que queiramos, pero o acordado e o pactado é o que ha de cumprirse, e o que ha de cumprirse non é sementar dúbidas en que se vai cobrar ou non se vai cobrar; vaise cobrar, está pactado e o

órgano competente será o que terá que render contas, non a Deputación provincial, pero a Deputación provincial ten moito empeño en axudar ós concellos a que poidan levar a cabo as súas accións e sabemos ben das dificultades ás veces de tesourería, por ese motivo o compromiso deste grupo de goberno, e do seu presidente, foi sempre prestar os servicios orzamentarios e fiscais da mellor maneira posible.

E aquí vén a segunda parte tamén da intervención de dous portavoces, de potenciar as zonas de recadación, claro que si, dixerámolo, percorremos toda a provincia, falamos con tódolos alcaldes, incluso cos que xa tomaran acordos dicindo que non querían que fose a Deputación provincial, e estoume referindo a Ferrol, de que non querían que fora a Deputación provincial quen lles prestara eses servicios, mesmo con eses alcaldes, despois de tomar o acordo, ofrecemos a posibilidade, veremos cales son os resultados do proceso autónomo de recadación, e veremos tamén outro tipo de circunstancias que tal vez non sexa o foro, pero en todo caso, visitando os concellos dixemos que nos iamos comprometer a potenciar isto.

Claro, o ano pasado ampliáronse os recursos humanos prudentemente en sete persoas, podíase facer en máis persoas, non teño ningunha dúbida, podíase facer doutra maneira, probablemente si; os servicios informáticos tamén se está desenvolvendo un importante esforzo por parte do deputado correspondente, en que os concellos dispoñan en tempo real desa información, e claro está, iso non se pode facer de hoxe para mañá, transcorreu un ano desde que asinamos, quedannos nove por diante; neste exercicio si que imos estudar a necesidade, se existe ou non, a necesidade de nova dotación de recursos humanos, de recursos técnicos, e ver, ó mellor criterio, eu o outro día lles pedía ós señores voceiros, Lagares e Doval, que se puideran eles traer unha proposta, encantaríame, para xa poder confrontala, debatela e a ser posible, se chegáramos a un acordo, traela ó pleno correspondente, para desenvolve-la xa como é o noso empeño.

Pos iso, repito, que non só debatemos, senón que expoñemos con claridade, creo eu, pode haber algún tipo de opinión discrepante, pero con claridade e con fundamento, que é o que defendemos e, seguimos defendendo que o IAE, para os que o soportaban, non era a mellor maneira de gravar a actividade que desenvolven, e seguimos defendendo que un sistema impositivo non debe de introducir ineficiencias a través da imposición, e seguimos defendendo que reducir os impostos é bo para as empresas e para os cidadáns, e se asemade o gasto público, nos aspectos onde o sector público debe desenvolvese nunha sociedade moderna, mantense e incrementase tamén cremos que iso é bo. E este non é o foro, pero en todo caso, tamén dicirlles que sempre, desde esta corporación, e con este deputado, o diálogo será o instrumento máis adecuado para fomentar o futuro, e facelo entre todos, porque este compromiso de xestión, recadación e inspección de tributos é un compromiso a dez anos, que no fondo o único que vén lexitimar é o papel tan importante de apoio ós municipios que debe de prestar unha institución provincial. Nosoutros conseguimos

ese acordo, non nos colgamos ningunha medalla, agradecemoslles ós concellos que delegaran e que confiaron na Deputación provincial a prestación destes servicios, pero tamén queremos dicir que, claro, se non dispoñemos de censos das empresas, dificilmente imos saber se o concello de Cerceda vai -home, cóstanos que ten unha empresa que factura máis dun millón de euros, cóstanos-, pero en todo caso, o concello de Cerceda, ou o concello de Boqueixón ou o de Vedra, de Santa Comba ou Serra de Outes. Tan pronto teñamos o censo, faremos a estimación, se é posible facer o convenio, facémolo, e se ese convenio legalmente non hai impedimento, recibirán vostedes os anticipos, pero sempre, sempre tendo en conta que os que pactaron e os que desenvolven este tipo de compensación, é o goberno de España e é a Federación Española de Municipios e Provincias, ou por delegación, a Federación Galega de Concellos.

E creo que, non sei se me queda algunha cousa máis por aquí que dixo o Sr. Doval. Non existe inseguridade, vostede dixo que había inseguridade, inseguridade ningunha, ningunha, os concellos van percibir a compensación, e é máis, se os concellos quixeran poderían modificar, ter máis do que recadaban antes, ou menos, iso vai depender do que cada concello queira facer, ¿a través de que?, a través de algo moi importante na fiscalidade. Había dous principios antes, o principio de autonomía e o principio de suficiencia financeira, se non había suficiencia financeira, dificilmente podería haber autonomía, pois agora ós concellos estáselles garantindo a suficiencia financeira, e asemade dáselles autonomía, ¿para que?, para que coas súas normas xoguen ou traballen, e ¿iso que é?, iso é facer política, facer política supón que nas cámaras correspondentes se aproben as ordenanzas fiscais, atendendo a uns criterios que sirvan para cubrir da mellor maneira posible o que os cidadáns nos reclaman. E iso, reitero, iso é debate, isto é política, e isto é o que temos, a modificación da ordenanza fiscal número seis, adaptándoa á lei, non facemos nada. Perdoen este amplo *speech*, pero é que eu o pedía o corpo no senso de que, claro, si queremos debate, pois imos ter debate.

Sr. presidente

Sr. Rodríguez Doval, Sr. Lagares, rógolles que sexan o máis breves posible. Moitas grazas.

Sr. Rodríguez Doval

Eu agardo que o corpo do Sr. Erias quedara ben, do cal, ademais, alégrome moito e el sábeo, o que pasa é que a miña cabeza quedou un pouco peor, claro, parece que vai inversamente proporcional. O corpo quedoulle ben por dicir o que dicía, pero a min quedáronme algunhas dúbidas máis, e vou expor soamente dous dunha maneira sintética.

A primeira delas, eu xa sei que non é neste foro, pero é indubidable que eu creo que unha institución que se nutre dunha recarga sobre un imposto que todo o mundo cuestiona, algo poderá dicir, xa sei que nosoutros non o podemos modificar, pero suponse que poderemos falar, como dicía o outro. E a min quédame unha gran dúbida, eu creo que moitos dos concellos que están facendo unha lectura profunda desa modificación que se produciu, están facendo unha lectura, paréceme que non excesivamente bondadosa, é dicir, empeza a haber cuestionamentos sobre se o decreto recolle as aspiracións que realmente tiñamos os concellos, que había entón. E voulle dicir unha cousa, eu creo que a alternativa que se propón aquí é máis ca discutible, é dicir, vostede estame dicindo que, efectivamente, a desaparición do IAE, se vai emparellada coa posibilidade de que os concellos aumenten a presión fiscal, é dicir, vostede dime que o IAE do concello xe, desaparece, pero eu ó concello xe doulle a posibilidade de que recargue, de que introduza máis presión fiscal, por exemplo o ICO, ou por exemplo no imposto de bens inmobles. Claro, e vostede a alternativa que me está dando, a min non me soluciona nada, porque resulta que o IAE afectáballe a unha marxe determinada desa sociedade, desa localidade, deses contribuíntes, e vostede o que me está dicindo en certa maneira é que eu o traslade no caso do IVE a tódolos contribuíntes, é dicir, “mira, aquí non vas recadar 10 millóns de pesetas ó ano que tiñas, pero vouche dar a posibilidade de que subas a presión fiscal no ICO, ou no imposto de bens inmobles, e que recades, non 10, senón 12”; ben, iso xa o podíamos ter feito, pero iso non é compensación, eu creo que iso é trasladalo ós concellos, e permítaseme a expresión, o morto, para que lle digan, “mira eu douche unha vía, enfréntate coa cidadanía, co conxunto da cidadanía, e dille que os 10 millóns de pesetas que non recadas polo IAE, que eran 20, 40 ou 200 contribuíntes, trasládallo solidariamente ó conxunto da sociedade no imposto de bens inmobles”, habería que discutir moito se iso ten que ser así, nosoutros pensamos que non. É dicir, que é certo que se lle deu ós concellos a posibilidade de que compensen, pero vostede mesmo estábamo dicindo, no último trimestre cobráranse as cantidades do IAE, ¿e por que no derradeiro trimestre? porque como dicía o Sr. Lagares, nesa listaxe que se se lle traspasa nas entregas a conta, non figura o IAE, ¿é que non tivemos seis anos para facer esta previsión?, porque o compromiso de desaparición do IAE non foi un compromiso do Partido Popular do ano 99, foi un compromiso de antes do ano 96, e en concreto do 96 cando chega o goberno. Entón, eu creo que nun prazo de seis anos se poden facer estimacións e compromisos de revisión para que o ano que o teñamos que aplicar teñamos todo o sistema en condicións para poder aplicalo, e non esteamos a estas alturas con esa grande incógnita, eu transmítolle o que escoito dicir a moita xente, e o que penso eu, que si que hai unha grande incógnita.

Entón con respecto ó tema de fondo, eu creo que a desaparición do IAE foi unha verdade a medias, non desapareceu o IAE, entón se quere entramos nisto, vostedes o que dixeron non é que ían cambialo, senón que desaparecería porque se entendía que era anacrónico, que non era xusto, non sei que..., ben, despois ó final o que se fixo, ¿que foi?, que vostedes se deron conta de que a desaparición, tal e como se comprometía, era un crac,

e buscáronse fórmulas alternativas que nalgún caso deixan seguridade nas grandes cidades, por exemplo, porque teñen máis presión, e no caso doutros concellos máis pequenos deixan moita inseguridade.

E aproveito para lle dicir unha cousa, a Federación Galega de Municipios e Provincias non é unha sucursal, non anuncia por delegación da Federación Española de Municipios e Provincias, é máis, a Federación Galega de Municipios e provincias, a FEGAMP, ten un acordo unánime, que ese acordo é un dos grandes prexudicados da negociación que se deu neste momento. Hai un acordo por unanimidade, e isto si que sería bo, que na nova renegociación que se fixera sobre o tema das facendas locais, tivérase en conta un sistema redistributivo que precisamente contemplara a realidade galega, que é moi distinta á doutras partes do Estado, e en concreto o tema da dispersión dos núcleos de poboación, que no reparto é a gran desfavorecida, e vostede sábeo, e xa o debatemos aquí, que Galicia ten, practicamente, o 50% dos núcleos que existen en todo o Estado español, e concretamente a provincia da Coruña ten máis de 13.000 núcleos de poboación, e sobre isto hai estudos que pagou a propia deputación que indican como, efectivamente, é máis custoso, estamos prexudicados máis por ese reparto os concellos que temos esa redistribución territorial. Polo tanto, sobre iso se quere falamos moitísimo, agora, dígolle que é unha pena que ese acordo unánime non fora defendido, en concreto no propio debate, na propia discusión que houbo no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

E vou ó segundo, que é o que estamos debatendo hoxe aquí, e formúlome a primeira pregunta: ¿vostedes están de acordo, o grupo maioritario desta corporación, está de acordo en que se sega mantendo a recarga provincial sobre o IAE?; segunda pregunta ¿que é o que vai pasar de cara ó ano que vén?; terceira pregunta, ¿cal é a estimación, que contas fixeron vostedes, para poñer unha cantidade nas previsións do orzamento e agora tela que modificar seguramente porque varía a propia aplicación do imposto?; esas son as grandes preguntas que nosoutros nos formulamos, é dicir, como facemos unha adaptación, vostede díxoo, literaria, etc., etc., unha cousa formal, ¿como facemos iso sen tocar o tema de fondo? e aí é onde nosoutros temos tamén un gran interrogante. Nosoutros non sabemos se as previsións que vostedes aprobaron aquí, que figuran neste orzamento preventivo que se aprobou no mes de decembro do ano pasado, vanse cumprir ou non. ¿Hai un estudio, hai un mostreo feito para saber se iso se vai cumprir ou non?, co cal tamén desde o punto de vista do que son as finanzas da propia deputación, está cun certo interrogante tamén, ¿vaise cumprir iso ou non se vai cumprir?

Polo tanto, eu creo que, efectivamente, vostede falou, non sei se vostede o denominou lección maxistral, ou deu un debate, intentou dalo un pouco a fondo, pero as grandes incógnitas sobre este tema, no tema de fondo e no tema do que nos afecta a nosoutros directamente, desde logo, para o que é o que nosoutros representamos, para o noso grupo político, e para o que é o que nosoutros defendemos, queda cun certo

interrogante, permítame que non dramatice, que non diga que hai unha inseguridade, hai un certo interrogante en que vai pasar con este tipo de cuestións.

Entón, eu creo que son as dúas conclusións, non se cumpriron as expectativas respecto do que había do IAE, e eu ánimoo a vostede a que revise o que vostede dicía nas actas, en concreto teño unha aquí do 29 de novembro de 2000, que non lla vou ler, pero que vostede tamén poderá examinala. E en segundo lugar, o que implica isto de cara ás propias finanzas desta casa, da Deputación da Coruña, e xa digo, formúlome esa gran pregunta: se sempre que falabamos aquí de reducir ou de modificar a recarga, falábase que “iso imos deixalo para cando se modifique o IAE”, e ¿agora que?, xa está o IAE modificado; pregúntome ¿de cara ó ano que vén vai haber unha recarga sobre o IAE ou non vai habela? porque iso si que é unha figura anacrónica, e non llo digo eu, aquí houbo debates onde se puxo encima da mesa posicións moi encontradas, pero non dos grupos políticos que formamos parte da Corporación, senón por exemplo no que era naquel momento presidente da Confederación de Empresarios da provincia da Coruña, do Sr. Freire, que dicía literalmente o mesmo que dicía o Bloque Nacionalista Galego, que non se podía manter a recarga provincial sobre o imposto de actividades económicas “cando se modifique xa miraremos se coincidimos...”, modificouse pero seguimos igual.

Polo tanto, eses son os interrogantes que nos formulamos e que xa sabemos que, efectivamente, estamos falando un pouco de temas colaterais, porque o tema de fondo, eu xa o dixen desde un principio, díxoo tamén o Sr. Erias, que é outra, é unha adaptación literaria, pero caramba, o debate de fondo quizais tampouco se debiera de obviar nunha discusión destas características. Polo tanto, seguimos mantendo esa posición de abstención e en todo caso anúnciolle que van ter vostedes propostas e propostas por parte do noso grupo político, simplemente lle fago coloquialmente, se vostede lle vai dar tratamento, que non o dubido, preocupémonos tamén de recuperar outros que hai sobre estradas, sobre o Plan único, que quedaron neste pleno e nunca máis, nunca máis, se volveu a saber delas, tamén aquí Nunca Máis.

Sr. Lagares Pérez

Brevemente para facer algúns matices, é evidente que o que formula o grupo provincial socialista era que se os concellos estaban recibindo 100 euros polo IAE, que reciban 100 euros, nin máis nin menos, paréceme que niso debemos de estar de acordo todos. ¿Que ten que ser no derradeiro trimestre?, non había que facer os deberes antes, e isto non é imputable a vostedes, claro, iso había que ter os padróns preparados e facer os estudos correspondentes. Levamos falando da supresión do IAE, levamos falando desde hai anos, entón que se prepare, que se preveza, simplemente iso, se non se pide ningunha cousa do outro mundo, creo eu.

Se hai unha Lei de facendas locais, que fixeron os lexisladores, onde o noso grupo parlamentario tivo un posicionamento, non favorable por certo, nosoutros aquí temos que adaptalo a unha ordenanza, nosoutros aquí si o votamos a favor, imos votalo, pero de que se baixan os impostos nada. Báixase ou substitúese un imposto, pero vostedes son especialistas, Sr. Erias, en chegar á imposición indirecta, que é a imposición máis inxusta que hai, iso é o que fan vostedes, pero de baixar os impostos *na nay, na nay*. As contas vostedes saben, e vostede concretamente sabe que ten que dar, e as contas teñen que dar. Nosoutros o que queremos e que seguimos demandando desde aquí é a Lei de facendas locais está aí aprobada, hai unha maioría no Parlamento Español que sustenta o Partido Popular.

¿E os concellos?, a primeira entrega a conta 0 pesetas de recarga de IAE, e nosoutros, simplemente, os concellos da provincia teñen que atender ós cidadáns e prestarlle os servizos, e necesítase, indubidablemente, que se reciba o que se recibía, exclusivamente, eu creo que nisto temos que estar todos de acordo, plenamente de acordo. Que non se nos veña a dicir agora que si temos uns recursos de presión fiscal os concellos, como poden ser o imposto de bens inmobles ou outro tipo de imposto, que non se nos diga iso. Nosoutros queremos recibir substitutoriamamente o mesmo que se recibía, única e exclusivamente, e a deputación, que sempre o dicimos, pero moitas veces non o aplicamos, como concello de concellos e que está prestando un servizo de asistencia, neste caso económica, de recadación, e que se está facendo francamente ben, debemos de esforzarnos e nesa comisión que, en nome do meu grupo, agradecemos que se leve a efecto, claro que si que participaremos, como participamos con achegas na Ordenanza fiscal núm. 5. Agora esta Ordenanza fiscal número 6 do IAE, levamos dicindo que ten un transfondo, e veremos cómo resultan as cousas, e comprendemos tamén que o acordo asinado o 21 de novembro pasado entre o Ministerio de Economía, o Ministerio de Administracións Públicas e a FEMP, que se ten que levar a efecto, home, agardamos que os padróns, que os datos de facturación, estean na deputación no mes de abril, porque hai que empezar, repito, hai que porse a traballar.

O noso voto segue sendo favorable, Sr. presidente, perdón pola extensión. Moitas grazas.

Sr. Erias Rey

Vou procurar en todo caso ser breve. Sr. Doval, eu creo que vostede xa está convencido de que non obviamos o debate, punto número un, creo que non obviamos o debate. Punto número dous, isto non é unha lección maxistral, este non é o foro, e eu tampouco pretendín nunca tal cousa, o que si creo é que se falamos de debate hai que argumentar adecuadamente coas ideas de que un dispón para que, poñéndolles encima da mesa, haxa contraargumentos que servan para pór un valor tamén o que outros pensan. En

todo caso o que si creo é que, ben, vostede traballa os plenos, non teño dúbida ningunha, pero moitas veces toca de oído, e toca de oído e tráeme sempre o asunto dos núcleos de poboación, e ademais di que iso é redistributivo. Mire, convénzase dunha cousa, non é singular de Galicia, nin único de Galicia, ter dispersión poboacional. Veño de estar en Valencia, ten 262 concellos, aquí temos 313 concellos, teñen entidades singulares de poboación, teñen concellos de menos de 50 habitantes, teñen dispersión poboacional, teñen a poboación asentada sobre a costa, teñen problemas moi similares, igual ca Asturias, igual ca Canarias, igual ca Castela-León, de dispersión poboacional. Pero vostede quere, a termos persoais, introducir esa variable, dentro dalgún sistema de fiscalidade, pense en algo que lle vou dicir eu, porque xa o dixeran no ano 98 e está por escrito: a variable dispersión poboacional ten que actuar como variable redistributiva, non unha variable, que como di vostede actuaría, distributivamente, é dicir, hai que lles sacar ós que non teñen e distribuílo sobre os que o teñen, penalizado dobremente a aqueles; era o que discutíamos un día das parroquias e das entidades singulares de poboación, se eu quero actuar sobre vías locais, e a finalidade que persigo é que se concentre a poboación, non podo incentivar medindo cun indicador de números de entidades singulares de poboación, que certamente, Galicia é a que máis ten de España, iso tamén é verdade, e pos iso lle digo que eu, conscente de que vostede se prepara os temas, tamén lles pido que nalgunhas cousas, en vez de largarme así uns pequenos dardos, que non os podo coller, que fundamente o que formula.

Para funcionar adecuadamente, a variable dispersión poboacional ten que ser unha variable redistributiva, primeiramente distribúe, e logo redistribúe, sacándolle ó que non ten o feito, e isto é como debe funcionar.

E tamén sen ánimo de entrar en polémica, Sr. Lagares, pero mire, de verdade, os impostos indirectos son máis fáciles de recadar, porque se cobran ó tirón, e son regresivos porque teñen algo que os economistas denominamos degresividade oculta, e dicir, gravan por igual situacións desiguais, pero ese non é un problema de xustiza, ese é un problema de distribución, que é diferente; a xustiza é diferente á distribución, a equidade é diferente a outro tipo de asuntos. Entón sinalo que ese, que é un argumento político do seu grupo, de que non é certo o que di o Partido Popular, eu garántolle que é certo, e ademais está aprobado, os bolsos dos cidadáns nótano, e cando o notan é igual que cando no recibo “o concello di que nos sube o non sei que, ou que sobe o 4”, non, pero os cidadáns danse conta de que cada paso ten que atender moito máis.

Xa, por último, eu creo que, Sr. Rodríguez Doval, o que vostede me di de que, claro, de que é unha lectura non bondadosa a que vostede escoita por aí, home, iso é unha lectura, normalmente as que escoita vostede, política, política no bo senso, interesada, no fondo intentando representar o que vostede quere representar porque mire, ninguén dixo que a supresión do IAE supoña o incremento do ICO ou do IBI, non, non; ás veces algúns concellos poden pensar que o IBI estaba en niveis non adecuados, ¿por que? porque non

contempla, por exemplo, as vivendas desocupadas, e pódese incrementar ata o 50% ¿para que?, para facilitar que os xoves teñan acceso unha vez máis a vivir no centro das cidades e que non teñan que ir ó extrarradio, e isto é política, isto claro que é política. Igual algúns pensan que non, que sería moito mellor que seguira como estaba e mesmo colocar, ben, igual que cando falabamos do custo do lixo, a 1000 pesetas o recibo, e agora temos que pasar a 15.000, ¿por que?, porque lle hai que explicar ós veciños que a recollida en orixe é boa, que a sostibilidade é un valor do futuro, que xa está comprometido con eles moitos colectivos e moitos cidadáns e que, polo tanto, isto supón un custo e a calidade de vida hai que a pagar, entón iso tamén hai que asumir responsabilidades, non pasarlle a pelota ó tellado do goberno central.

Eu creo que non hai ningún crac que interprete as cousas de maneira diferente a como eu llas estou expoñendo desde unha perspectiva de sensatez, desde unha perspectiva de ver o que supoñen as novas figuras impositivas, que lle falei antes de autonomía e suficiencia, e creo que, por primeira vez, demostrouse que iso pode funcionar, o que pasa é que hai que ter vontade política para facelo, e tamén non acollerse unicamente ós beneficios, claro, o establecemento de impostos ten custos, claro que os ten; ou o dicirlle á xente que a factura pasa de non sei que, ten custos, pero iso tamén entra no soldo dos xestores locais, e os xestores locais teñen que saber explicar iso, e o porqué, non que sexa, non que sexa para dilapidar nada.

Mire, deuse unha cousa, e eu quérolle contestar a todo o que vostede formulou, deuse unha cousa de que, evidentemente, nosoutros orzamos a recarga dentro do orzamento preventivo aprobado, iniciada a súa discusión en tempo e forma para que se aprobara o día primeiro de xaneiro, e entrara en vigor, antes do primeiro de xaneiro e entrara en vigor o mesmo primeiro que, claro, nosoutros non sabíamos -21 de novembro é o acordo coa FEMP-, nosoutros non sabíamos a Lei 51 das facendas locais, tiñamos ideas, entón, temos que ser responsables e prudentes, responsables e prudentes, á hora de orzar, e sabemos que para iso é un orzamento preventivo, que logo virá a liquidación antes da execución e outra serie de cousas. Evidentemente, para o ano 2004, ¿que é o que vai pasar?, pois é facer futuribles, entón, como é facer futuribles, non é este o momento de adquirir un compromiso e tal vez non é a persoa a que teña que adquirir o compromiso, que terá que ser un grupo de goberno, imos ter eleccións e os que estean aquí, ou os que esteamos aquí, seremos os que teremos que asumir no seu caso o compromiso.

En todo caso o que lle reitero, aparece no presuposto froito de que aínda non había coñecemento exacto e por un criterio de prudencia, máis nada, pero a vontade política coñecía vostede, fíxose explícito, executáronse xa tres orzamentos desde que estamos aquí e sempre dixemos o mesmo.

Polo tanto, eu insisto, a oportunidade que temos con estas ordenanzas é atender as necesidades que os concellos que nos demandan da mellor maneira posible, é un marco legal que é o que os nosos órganos competentes determinaron para as deputacións e ó cal estamos obrigados todos os que temos responsabilidades, que hai un escenario idílico que aínda por falta de madurez da sociedade aínda non foi percibido pola cidadanía e que é o que vostede desexa, pois nada, a fomentar ilusión, fomenta vostede ilusión e xa veremos logo que é o que pasa cos resultados. Máis nada, moitas gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“1º.-Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal número 6 reguladora da recarga provincial do imposto sobre actividades económicas (art. 2). “Nos termos establecidos no artigo 124.2 da Lei reguladora das facendas locais, sobre as cotas municipais modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 87 dela, recaerá unha recarga única do 25 por 100.”

2º.-O acordo que sobre isto se adopte, exporase ó público, no taboleiro de anuncios desta deputación, durante o prazo de 30 días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas, en todo caso os anuncios de exposición ó público publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia, segundo establecen os artigos 49.b da Lei 7/85, do 2 de abril e o art. 17.3,4 da Lei 39/88, do 28 de decembro.

3º.-Publicar integramente, unha vez aprobada definitivamente, a modificación da O.F. núm. 6 Reguladora da recarga provincial do imposto sobre actividades económicas (art. 2).

4º.-A Ordenanza reguladora da recarga provincial do imposto sobre actividades económicas comenzará a rexer de non se produciren reclamacións contra ela e despois de publicada no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no art. 17.4 da Lei 39/88, con efectos do un de xaneiro de dous mil tres.

De producírense reclamacións, unha vez resoltas, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, aprobando a redacción definitiva da Ordenanza reguladora da recarga provincial do imposto sobre actividades económicas, así como a data a partir da cal reixerá, trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia segundo o establecido no art. 17.4 da Lei 39/88.”

2.-MODIFICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL.

INTERVENCIONES

Sra. Vázquez Veras

En primeiro lugar queremos deixar constancia, por parte do grupo provincial do BNG, que a inclusión deste punto na orde do día dunha nova modificación do Convenio colectivo do persoal laboral, deixando en suspenso o acordo de modificación que tomou este mesmo pleno corporativo hai escasamente quince días, vén a darlle a razón ó grupo provincial do BNG cando nese pleno se pediu que o acordo quedara sobre a mesa porque o que facía o acordo era crear unha auténtica inseguridade xurídica respecto do persoal que se ía contratar neste plan especial de limpeza de praias. Evidentemente hai un retrotraerse ó acordo anterior, unha suspensión do acordo anterior e de buscar unha nova solución para contratar este persoal.

Eu, insisto, penso que é darlle ó Bloque, cando prudentemente pedía que o asunto quedara sobre a mesa, polos efectos derivados que podía tomar este acordo, e en segundo lugar agardo que sexa unha chamada de atención para que cando se toma un acordo político e a implementación despois, a nivel do que significa darlle unha seguridade xurídica ó persoal que vai traballar contratado pola deputación, que se teña en conta que as présas que son malas conselleiras e, polo tanto, estúdiense con mellor tino as propostas que se fan.

En segundo lugar, para nosoutros o problema é que a modificación que se presenta neste momento ten, efectivamente, un cambio substancial que é a exclusión deste persoal contratado do que é o convenio do persoal laboral da deputación, pero evidentemente ímolo considerar como efecto máis colateral do tema do Prestige, a solución que vén a este pleno non nos chega a satisfacer por unha cuestión, e é que con esta modificación o que está facendo é creando dous ou máis salarios respecto de traballadores ou traballadoras que posiblemente teñan a mesma categoría e posiblemente o mesmo traballo, no senso de que todas aquelas persoas que se contraten por traballos de inserción van ter o salario respectivo, canto menos o salario da súa categoría. Desde logo a nosoutros este tipo de solución non nos gusta, no senso de que, desde o noso grupo, deféndese que un convenio colectivo é para que, cando menos, como principio xenérico, todas aquelas persoas que fagan un mesmo traballo teñan un mesmo salario e, polo tanto, neste senso, e pensando que

realmente non se buscou a solución que podería ser máis adecuada para este tema, ímonos abster a este punto. Moitas grazas.

Sr. Lagares Pérez

O grupo provincial socialista na modificación do artigo 59 do convenio do persoal laboral, como xa fixo con anterioridade, vai optar pola posición de abstención.

Sr. Rodríguez Rodríguez

En relación coa intervención da Sra. representante do BNG, quero dicir que xa no mesmo pleno que se celebrou o acordo correspondente, no pleno anterior, eu como voceiro do goberno, xa expresei que íamos estudar precisamente, a pesar desa aprobación, a adaptación, se é o caso, cos axustes da decisión tomada, para evitar que se produciran situacións de inseguridade xurídica. Polo tanto, xa nosoutros mesmo tiñamos consciencia da necesidade de mellorar a redacción do precepto. E isto por unha razón que é a seguinte: esta fórmula que se adoptara, que hai que lembrar que tiña a conformidade de tódolos sindicatos presentes na Mesa de Negociación de persoal laboral, tiña unha urxencia clara que trata de viabilizar a través desta fórmula a contratación de persoal, fundamentalmente para a limpeza de praias, en contratos que se extinguirán o 30 de xuño, polo tanto había unha urxencia clarísima, porque se non se resolve este problema con esta capacidade de resposta, obviamente cando resolveramos o problema xa non se podería contratar ningún personal.

A pesar desa unanimidade do Comité de Persoal Laboral, despois do acto de conformidade, e antes do Pleno; formuláronse dúbidas sobre, precisamente, a natureza xurídica do engarce, dúbidas que resultaban fundamentalmente de se se trataba dunha exclusión do convenio colectivo ou dunha inclusión e de se se estendía a figuras xurídicas distintas do contrato de inserción. Como a vontade da Corporación era contratos de inserción, e así quedou claro no pleno celebrado o mes pasado, entendemos que tamén, atendendo ás recomendacións dos servizos técnicos da deputación, que era mellor unha revisión de acordo, que non modifica a súa natureza, pero si que precisa cos termos e evita calquera flanco que puidera danar a capacidade financeira da deputación. E, polo tanto, o que se fai agora é fixar especificamente que son contratos de inserción con duración que non sexa superior a un ano, quere dicirse que este tipo de contratos ten unha natureza distinta do que se refire ó persoal propio da deputación. Neste caso é unha maneira clara, en ningún caso se trata de funcionarios propios da deputación, senón de actuar con tódolos concellos afectados, calquera que sexa a cor política, en actuacións de limpeza de praias e outras actuacións complementarias relativas a isto.

Polo tanto, non hai ningunha discriminación para o persoal da deputación, hai unha seguridade xurídica de que a fórmula que estamos adoptando sexa a que garanta que, en

definitiva, estas persoas perciban o salario que lles corresponda, sen ningunha responsabilidade doutro tipo para a deputación, no caso concreto que estamos contemplando, para nada ten que ver coas funcións propias da deputación, e ningún contrato de inserción, normalmente, vai entrar en colisión coa actividade propia desta casa.

Polo tanto non hai ningunha razón negativa en todo isto, neste caso hai unha nova aprobación unánime por tódolos membros do Comité de Persoal Laboral, sen ningún tipo de restrición e, polo tanto, cremos prudente, conveniente e necesaria esta modificación porque non introduce ningún cambio cualitativo, senón a precisión xurídica que nos permita actuar con máis seguridade. Moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 15 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (10 do PSOE e 4 do BNG)

ACORDO

Apóbase o seguinte dictame da comisión:

“1.-Deixar sen efecto o acordo plenario do 31.01.2003, punto 23 da orde do día “Modificación de Convenio colectivo do persoal laboral”.

2.-Modificar o vixente convenio colectivo do persoal laboral desta deputación, engadindo un novo artigo, o número 59º, do seguinte teor literal:

Artigo 59.-O persoal contratado baixo a modalidade de contrato de inserción en desenvolvemento de convenios ou con cargo a subvencións nas que interveñan outras Administracións, percibirán as retribucións correspondentes á cantidade subvencionada sen que en ningún caso sexan inferiores ás correspondentes ó importe da base mínima do grupo de cotización a que pertenza a categoría profesional desempeñada polo traballador desempregado contratado.

Cando a duración do contrato non sexa superior a un ano, quedarán excluídos do réxime de axudas sociais que concede a deputación.

3.-Esta modificación entrará en vigor na data que se acorda polo Pleno da Corporación.”

Ó non haber máis asuntos dos que tratar remátase a sesión, sendo as trece horas e vinte minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.